



CONVOCATORIA DO CONCURSO DE ENTROIDO 2024

1.- OBXECTO

O obxecto da presente é convocar un concurso de entroido coa finalidade de promocionar e conservar este tipo de manifestacións culturais. Trátase basicamente dun concurso de disfraces que se celebrará o día 13 de febreiro de 2024 (martes de entroido).

As bases reguladoras desta convocatoria atópanse na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Vila de Cruces publicada no BOPPO de 20 de febreiro de 2006.

2.- FINANCIAMENTO

Os premios financiaranse con cargo á partida orzamentaria 338/48 do orzamento prorrogado do exercicio 2019, sendo o crédito total destinado aos premios 1.915,00 euros.

3.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Poderán participar tódalas persoas e grupos que se inscriban no concurso. O prazo de inscrición estará aberto ata o martes 13 de febreiro de 2024 ás 15:00 horas.

Xunto coa inscrición cada grupo ou participante recibirá un número identificativo que deberá ser colocado nun lugar visible para poder ser identificado polo xurado.

O desfile sairá ás 17:00 horas do colexio de Vila de Cruces e recorrerá as principais rúas do pobo rematando na praza Juan Carlos I. En caso de choiva será no pavillón de deportes.

As categorías son as seguintes:

- Carroza: na que participarán os grupos, independentemente da súa idade, que vaian nunha plataforma móbil con tracción mecánica ou animal.
- Grupo senior: no que algún dos seus compoñentes teña máis de 14 anos.
- Grupo infantil: compoñentes de ata 14 anos
- Parella infantil: na que os dous compoñentes teñan ata 14 anos.
- Individual senior: maiores de 14 anos.
- Individual infantil: ata 14 anos.

Cada persoa só poderá participar nunha categoría.

4.- CONTIA

O importe dos premios será o seguinte:

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492





CATEGORIA	1º PREMIO	2º PREMIO	3º PREMIO
CARROZA	295	175	125
GRUPO SENIOR	200	150	100
GRUPO INFANTIL	150	120	90
PARELLA INFANTIL	90	70	50
INDIVIDUAL SENIOR	60	50	40
INDIVIDUAL INFANTIL	60	50	40

Sen prexuízo de que a recollida do premio se realizará polo representante designado na solicitude, salvo manifestación expresa en contrario entenderase que o premio se prorratea a partes iguais entre os membros das parellas ou grupos.

O procedemento de concesión será por concorrencia competitiva.

5.- SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As persoas ou grupos que desexen participar deberán presentar no rexistro do Concello e dende o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria vía BDNS no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra ata o 13 de febreiro de 2024, ás 15:00 horas, a seguinte documentación con carácter obrigatorio:

- Solicitude asinada polo participante ou representante legal.
- Fotocopia do DNI do solicitante e no seu caso do CIF.
- No caso de grupos, fotocopia do DNI das persoas integrantes do mesmo.
- Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias estatal, autonómica, Seguridade Social, Oral e co Concello de Vila de Cruces.

O impreso de solicitude estará publicado na páxina web do Concello.

6.- CONCESIÓN

O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva.

Revisadas solicitudes e completadas, se é o caso, remitiranse ao xurado.

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492





O xurado estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: Concelleiro de Cultura ou persoa en quen delegue.

Secretario: traballador/ra municipal

Vogais: 3 persoas veciñas de Vila de Cruces

Cada membro do xurado calificará de 1 a 10 cada un dos participantes por categorías valorando os seguintes criterios:

- Orixinalidade do disfraz: de 0 a 10 puntos
- Laboriosidade do disfraz e dos seus elementos: de 0 a 10 puntos
- Posta en escea: de 0 a 10 puntos
- Elaboración artesanal: de 0 a 10 puntos.

No suposto de empate resolverase por sorteo.

O xurado poderá declarar deserto un ou máis premios no caso de considerar que ningún dos participantes reúnan os méritos suficientes para ser premiados.

A decisión do xurado farase pública nos minutos posteriores ao desfile e logo da deliberación do xurado. Será publicada ademais no taboleiro de edictos do concello.

A proposta do xurado elevarase á Xunta de Goberno Local para a aprobación definitiva dos premios.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión do premio poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

A resolución recaída neste procedemento pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á notificación da resolución ante o mesmo órgano que a dictou ou ser impugnada directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución.

7.- PAGAMENTO

A entrega de premios terá lugar ao remate do desfile, será pública e o pagamento efectuarase en metálico unha vez que se faga pública a decisión do xurado.

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492





Para recoller o premio deberase acreditar a identidade mediante a presentación do DNI e a sinatura do correspondente recibo.

8.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

A condición de beneficiario obriga a este nos termos previstos no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en concreto:

- A figurar ao día no cumprimento das obrigas tributarias, estatais e autonómicas, coa Seguridade Social e co Concello de Vila de Cruces. En caso contrario non se fará o pagamento da axuda.
- Comunicar ao Concello calquera eventualidade na actividade ou programa subvencionado.
- Proporcionar toda a información que lle sexa requirida polo Concello de Vila de Cruces no exercicio das funcións de fiscalización e control así como polo Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia.

9.- DEVOLUCIÓN E REINTEGRO

Procederá o reintegro no casos previstos na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, e en concreto, no seguinte caso:

- Obtención do premio axuda sin reunir os requisitos esixidos para a súa concesión, con falsificación das condicións requiridas ou ocultación daquelas que o impidisen.

10.- COMPATIBILIDADE

Os premios que se otorguen ao amparo das presentes Bases serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

11.- PUBLICIDADE

A publicidade do extracto da presente convocatoria, realizarase a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), en cumprimento do establecido nos artigos 18 e 20 da Lei Xeral de Subvencións na súa redacción dada tralas modificacións introducidas pola Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como pola Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.

Unha vez tramitada a convocatoria, comunicarase á BDNS, o texto e anexos, así como o extracto da mesma.

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492





Así mesmo, remitirase á BDNS, a información relativa a beneficiarios, concesión dos premios, así como do pago e, no seu caso, a devolución, reintegro, sanción, inhabilitación; de forma continuada a medida que se vaian producindo os actos.

12 .- RÉXIMEN XURÍDICO.

Estes premios rexeranse polas presentes bases e polo establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, RD 887/2006 Regulamento da Lei Xeral de Subvencións e Ordenanza Xeral Reguladora das Subvencións do Concello de Vila de Cruces no que lle sexa de aplicación dacordo co establecido na súa disposición adicional décima e supletoriamente pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como demáis normativa que sexa de aplicación.

DISPOSICIÓN FINAL: ENTRADA EN VIGOR.

Esta convocatoria entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Asdo. O alcalde

Luis Celso Taboada Sánchez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE.

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492

Cod. Validación: 3FD7RZF26FNKNI CCW7P UJS2ZJ
Corrección: <https://viladecruces.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5

